

Propiedades dos textos literarios narrativos (contos)

Función: inducir na persoa lectora sentimentos e emocións, provocar pracer, entreter e divertir, transmitir valores culturais, sociais e morais.

Actividades tipo para traballar esta propiedade:

- Ler bos textos literarios de xeito habitual distinguindo entre ler o texto e visionar as ilustracións, buscando que estas dúas actividades (ler e mirar as ilustracións) non sexan simultáneas e sen facer preguntas de comprensión ao rematar.

Autor/autores: é fundamental coñecer aos autores do texto, non só para aumentar a bagaxe cultural das nenas e nenos senón para definir criterios de elección e preferencia de estilos.

Actividades tipo para traballar esta propiedade:

- Sempre que se lea un conto mencionar a persoa autora e a ilustradora.
- Elaborar un listado cos contos favoritos e os seus autores e ilustradores.
- Buscar información sobre os títulos publicados por un autor que nos guste.
- Intentar identificar os sinais propios do estilo dos favoritos.
- Etc.

Estrutura do texto: a fórmula máis sinxela é principio - nó – desenlace. Outros autores como Adam propoñen: situación inicial estable + complicación + reacción + novo elemento perturbador + situación final + avaliación.

Actividades tipo para traballar esta propiedade:

- Inventar distintos finais para un mesmo conto.

- Reflexionar sobre como afectaría ao nó e/ou ao desenlace cambiar elementos ou personaxes do inicio.
- Localizar en textos coñecidos os elementos da secuencia de Adam.
- Inventar e escribir textos narrativos seguindo a proposta de Adam (pode ser individual, en pequeno grupo, gran grupo, escribindo a persoa adulta, escribindo con escrituras non convencionais e transcribindo, etc.)
- Etc.

Relación co “real”: ningunha, a persoa escritora pode deixar voar a súa imaxinación e fantasía. Nada do que se escribe nun conto ten por que ser certo.

Actividades tipo para traballar esta propiedade:

- Escribir os seus propios textos literarios. A persoa docente aceptará todas as propostas do alumnado animando a que recorran a elementos fantasiosos e creativos. A calidade do texto irá en función das propiedades que enumeramos anteriormente e da súa orixinalidade.

Relación imaxe-texto: como a relación co real é baixa as ilustracións acostuman a ser debuxos. É importante que a un texto de calidade o acompañen ilustracións tamén de calidade que aporten información para completar e enriquecer a historia que conta o texto.

Actividades tipo para traballar esta propiedade:

- Manexar distintos textos (expositivo, prescriptivo, informativo, et.) contrastando cando hai ilustración e cando non.
- Fixarse, neses mesmos textos, cando aparece reflectida a persoa ilustradora e cando non aparece que tipo de texto é.

- Reflexionar sobre como esta propiedade está estreitamente vinculada coa relación co real. Cando esta é alta as imaxes que acompañan ao texto son fotografías basicamente, cando esta é baixa deixase a criterio da persoa ilustradora (pintura, debuxo, colaxe, et.).

Personaxes: é unha das características máis relevantes. Sempre hai personaxes e son os protagonistas da historia.

Actividades tipo para traballar esta propiedade:

- Elaborar tarxetas cos nomes dos personaxes para abrir un ficheiro de personaxes de contos. Empregar estas tarxetas para comparar os nomes: cales son máis longos, cales comezan pola mesma letra, etc.
- Facer un álbum de personaxes de contos.
- Despois da lectura de contos buscar as tarxetas dos personaxes dese conto e asignarlle a quen lle corresponde.
- Comparar no álbum que personaxes se repiten nos contos (lobo, bruxa, etc.)
- Etc.

Léxico: canto máis rico e variado sexa de maior calidade é o texto. Respéctanse as palabras que elixiu a persoa autora, non se substitúen por outras máis “sinxelas” (*o príncipe galopaba no seu brioso corcel...*)

Actividades tipo para traballar esta propiedade:

- Escoller os textos que imos ler na aula empregando este criterio.
- Localizar as palabras que, a pesar do contexto, non son capaces de intuír o seu significado.
- Elaborar unha relación de adxectivos que aparecen habitualmente nos contos que se len na aula para definir aos personaxes.

- Recoller as palabras que aparecen nos textos que lemos que nos gusten especialmente por algunha razón: polo que significan, pola súa sonoridade, polas poucas veces que as escoitamos,...
- Etc.

Relación título-contido: alta, a función do título é anticipar información sobre o contido e chamar a atención da posible persoa lectora.

Actividades tipo para traballar esta propiedade:

- Propoñer títulos diferentes para os contos que lemos buscando que sexan coherentes co texto.
- Cambiar unha palabra do título e reflexionar sobre como afectaría á historia. Ex: en vez de “Os tres porquiños” “Os dous porquiños”. Que cambiaría da historia, a que porquiño eliminarían, etc.
- Realizar unha comparación da extensión dos títulos que lemos habitualmente.
- Poñerlle título aos textos que o alumnado escriba en diferentes propostas.
- Etc.

Fórmulas fixas: tenas de comezo (*Había unha vez... Nun país moi lonxano,...*) e de remate (*Colorín colorado..., Foron felices e...*). É importante coñecelas porque axudan a recoñecer o tipo de texto que encaramos.

Actividades tipo para traballar esta propiedade

- Recompilar fórmulas de comezo e remate a través das familias, dos libros da biblioteca, de internet,...
- Clasificar os contos que teñen fórmulas fixas (populares e clásicos) fronte aos que non.

- Empregalas nas escrituras dos seus propios textos.

Público potencial: calquera persoa pode ser lectora dun conto.

Extensión: Moi variable e decídea a persoa autora (desde *Las mil y una noches* a contos de 5 liñas).

Modo de lectura: en silencio, sen ensinar as ilustracións ao mesmo tempo que se le (agás se a lectura se realiza en pantalla), sen facer preguntas de comprensión ao rematar.

Categorías gramaticais: abundan os adxectivos, os adverbios e os tempos verbais en pasado.

Tipografía: a variedade tipográfica só se da entre o título, a persoa autora e ilustradora, a información da editorial e o texto do conto.

Formato: aínda que hai excepcións puntuais (*Cuentos en verso para niños perversos* de Roald Dahl por ex.) o formato é narrativo.

Soporte: preferentemente libros, aínda que tamén hai contos en audio, DVDs, animacións,...

Tempos verbais: abundan en pasado.

Temática: a que se lle ocorra á persoa autora.

Uso posterior á lectura: gardalo para voltar a lelo, nunca perde vixencia.